



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Deseño e desenvolvemento curricular da educación física	Código	652G02014	
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Fraguela Vale, Raul	Correo electrónico	raul.fraguela@udc.es	
Profesorado	Carretero García, Miriam	Correo electrónico	miriam.carretero@udc.es	
	Fraguela Vale, Raul		raul.fraguela@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia supón a introdución da Educación Física (EF) no grao de Educación Primaria. Por este motivo comezamos cunha contextualización da EF na Etapa Primaria. En segundo lugar, analízase o currículo da materia, relacionándoo cos dominios de acción motriz, xa que estas dúas referencias serán a base do proceso de programación durante o curso. En terceiro lugar afróntase o proceso de programación a través da concreción o currículo (competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, avaliación, etc.) e tamén a posta en práctica da mesma a través das sesións de actividade física. Por último, faise unha aproximación aos plans de centro que fomentan estilos de vida activos e saudables, como os "proxectos de centros activos" ou, na nosa comunidade autónoma, os "proxectos deportivos de centro".			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e comprender o papel da Educación Física (en diante, EF) no contexto da Educación Primaria.	A1	B1	
	A3	B3	
	A57	B6	
		B18	
		B23	
Analizar o currículo da EF e relacionalo cos dominios de acción motriz, adoptando unha actitude crítica e reflexiva.	A1	B3	
	A8	B5	
	A57	B15	
	A58		

Capacidade para deseñar e xustificar propostas que concreten o currículo da EF.	A1	B1	C3
	A6	B2	C4
	A16	B5	C6
	A17	B11	C7
	A19	B12	C8
	A37	B14	
	A58	B15	
	A59	B19	
	A60	B21	
	A64	B22	
	A65	B24	
		B25	
Ser capaz de aplicar e avaliar propostas didácticas a través de prácticas de actividade física.	A16	B1	C1
	A17	B2	C3
	A19	B3	C4
	A37	B5	
	A59	B6	
	A60	B12	
	A64	B18	
	A65	B19	
Ser capaz de desenvolver estratexias para a promoción de estilos de vida activos desde a escola. Os proxectos de centros activos.	A57	B1	C1
	A59	B2	C3
		B3	C8
		B12	
		B14	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tarefa 1. Introducción á materia.	Trátase de coñecer a concepción de partida do alumnado sobre a materia de EF escolar e de situar a devandita materia no contexto da Educación Primaria. Analízanse as características xerais do alumnado de Educación Primaria respecto a a práctica de actividade física (desenvolvemento motor e condición física entre os 6 a 12 anos).
Tarefa 2. Análise do currículo de EF na Educación Primaria.	O alumnado terá que analizar o currículo da materia de EF en función dos criterios achegados polo profesorado da materia, sendo capaz de identificar a formación exposta desde o currículo para o alumnado da etapa primaria.
Tarefa 3. Impartir (como docente) e vivencias (como alumnado) sesións de Educación Física.	O alumnado terá que vivenciar o rol de profesorado e de alumnado na posta en práctica de sesións de EF.
Tarefa 4. Diseñar unha proposta didáctica.	O alumnado terá que deseñar unha proposta didáctica, concretando os elementos didácticos a desenvolver segundo os criterios achegados polo profesorado e en base a un contexto determinado.
Tarefa 5. Elaborar un esquema de programación anual.	O alumnado terá que facer unha proposta de distribución dos distintos contidos curriculares para un curso académico, agrupándoos en unidades de programación máis concretas (unidades didácticas, proxectos, situacións de aprendizaxe, etc.).
Tarefa 6. Proxecto “Facultade activa”	Realizar achegas para a construción dun proxecto de facultade máis activa, centrado na promoción de estilos de vida máis saudables entre a comunidade universitaria, a partir das recomendacións da administración educativa para o desenvolvemento de plans de actividades físicas e hábitos saudables de centro.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A57	1	0	1
Análise de fontes documentais	A58 B5 B15	5	15	20
Aprendizaxe colaborativa	A58 A59 A60 B2 B3 B5 B14 B22	5	20	25
Práctica de actividade física	A16 A17 A19 A37 A59 A60 A64 A65 B1 B2 B3 B5 B6 B12 B18 B19 C1 C3 C4	7	12	19
Presentación oral	B2 B11 B24 B25 C1 C3	1	4	5
Proba de resposta breve	A1 A57 A58 B2 B3 B5 B6 B11 B14	4	12	16
Sesión maxistral	A57 A58 A59 A60 C7 C8	10	10	20
Saídas de campo	A57 A58 A59 A60 B1 B2 B3 B5	5	10	15
Traballos tutelados	A1 A3 A6 A8 A58 A59 A60 B1 B5 B6 B14 B21 B22 B23 B24 B25 C6 C8	2	25	27
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Práctica de actividade física	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades físicas e/ou deportivas de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, etc., a execución dos fundamentos psicomotores e/ou sociomotores das distintas habilidades deportivas.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba de resposta breve	Ao longo do curso íranse presentando aos alumnos diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas en espazos distintos ao contorno académico universitario habitual (espazos de espacial interese natural e/ou patrimonial para a realización de actividade física de forma interdisciplinar) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de propostas didácticas, a valoración de riscos e impacto ambiental de actividades realizadas con grupo de alumnos, etc.
Traballos tutelados	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O profesorado especificará con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Práctica de actividade física Práctica de actividade física	Na posta en práctica das sesións de actividade física, no caso de que o alumnado imparta a totalidade ou parte da sesión, o profesorado observará e realizará observacións a cada un dos alumnos/as sobre a forma de poñer en práctica as distintas actividades. Ao final de clase, poñeranse en común co resto do grupo aqueles aspectos destacables relacionados coa docencia que xurdisen no desenvolvemento da sesión. Traballos tutelados. Os traballos tutelados requiren atención personalizada, polo que as titorías e as sesións de asesoramento sobre o este traballo serán referencias importantes para a súa realización. O profesorado poderá realizar suxestións ou solicitar modificacións sobre o traballo tutelado que deberán ser aplicadas antes da súa entrega definitiva. Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas. A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, en función das posibilidades e necesidades de cada momento: titorías en persoa no despacho do profesorado, titorías en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Teams e Moodle.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba de resposta breve	A1 A57 A58 B2 B3 B5 B6 B11 B14	Ao longo do curso iranse presentando ao alumnado diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.	50
Traballos tutelados	A1 A3 A6 A8 A58 A59 A60 B1 B5 B6 B14 B21 B22 B23 B24 B25 C6 C8	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O profesorado especificará con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	50

Observacións avaliación



Primeira oportunidade: para acceder á avaliación descrita anteriormente, será obrigatoria a participación no 80% das sesións da materia. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que fagan media entre eles.

Segunda oportunidade: ao alumnado que participe en máis dun 80% das sesións da materia na primeira oportunidade, conservaráselle as cualificacións que alcanzasen a puntuación mínima sinalada polo profesorado. Terá que repetir as partes da avaliación nas que non alcanzase ese mínimo.

O alumnado que non participe nun 80% das sesións da materia (xa sexa alumnado a tempo parcial, con dispensa académica de exención de asistencia ou por outros motivos), ten á súa disposición un modelo de avaliación alternativo, que será o mesmo para ambas oportunidades.

Realizarase unha proba (100%) na data marcada oficialmente pola

Universidade de A Coruña na que se deberá demostrar o dominio dos

contidos teórico-prácticos da asignatura. A proba mixta terá dúas partes e será preciso aprobar ambas para facer media e superar a materia.

Oportunidade

adiantada: os

criterios e actividades de avaliación e o seu peso na avaliación global, son os mesmos que na 2ª oportunidade.

A

realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

A

metodoloxía ?Saídas de campo? está suxeita á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Se non sedan as condicións de seguridade adecuadas, esta metodoloxía poderase substituír por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporáranse ás metodoloxías ?Aprendizaxe colaborativa?, ?Sesión maxistral?, ?Presentación oral?, ?Traballos tutelados?).

Os

traballos desta materia se entregan preferentemente de forma electrónica, procurando o uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Tamén se pretenderá o mesmo obxectivo coas saídas de campo, tratando en todo momento de ser responsables co medio ambiente.

Na

asignatura facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Asemade

deberase incorporar a perspectiva de xénero nos traballos e exposicións nesta materia.

É

primordial e necesaria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos realizados como condición imprescindible para superar a materia.

Todos os aspectos

relacionados con ?dispensa académica? , ?dedicación ao estudo? , ?permanencia? e ?fraude académico? rexeranse de acordo con a normativa académica vixente da UDC (<https://www.udc.es/es/normativa/academica/>).





Bibliografía básica

Esta bibliografía é orientativa e poderá ser ampliada polo profesorado ao comezo da materia. Arias, A., Arias, D., Navaza, M. V. y Rial, M. D. (2009). O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Retrieved from http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/9002463-Proxectos_Web.pdf Blázquez, D. (2013). Iniciación a los deportes de equipo. Del juego al deporte: de los 6 a los 10 años. Barcelona: INDE. Blázquez Sánchez, D. (2016). Métodos de enseñanza en Educación física. Enfoques innovadores para la enseñanza de competencias. Barcelona: INDE. Blázquez Sánchez, D. (2017). Cómo evaluar bien Educación Física. El enfoque de la evaluación formativa. Barcelona: INDE. Blázquez Sánchez, D. y Sabastiani, E. M. (2009). Enseñar por competencias en Educación Física. Barcelona: INDE. Campillo Álvarez, J. E. (2013). El mono obeso. La evolución humana y las enfermedades de la opulencia: obesidad, diabetes, hipertensión, dislipemia y aterosclerosis. Barcelona: Crítica. Contreras Jordán, O. y Gutiérrez Díaz del Campo, D. (2017). El Aprendizaje basado en Proyectos en Educación Física. Barcelona: INDE. Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG núm. 183, do 26 de setembro de 2022. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001_es.html Doherty, J. y Brennan, P. (2014). Physical Education 5-11: A guide for teachers. New York: Routledge. Fernández García, E. (2009). Materiales para la didáctica de la educación física. Barcelona: INDE. Hanscom, A. (2016). Balanced and barefoot: how unrestricted outdoor play makes for strong, confident, and capable children. New Harbinger Publications. Jiménez García, M. L. (2018). Programación integrada para Primaria. Unidades didácticas para Educación Física. Barcelona: INDE. Kirk, D. (2006). The 'obesity crisis' and school physical education. Sport, Education and Society, 11(2), 121-133. Kirk, D. (2010). Physical Education futures. London: Routledge. Kirk, D. y Kinchin, G. (2003). Situated learning as a theoretical framework for sport education. European Physical Education Review, 9(3), 221-235. Kirk, D., Macdonald, D. y O'Sullivan, M. (2006). Handbook of physical education. Londres: Sage. Laker, A. (2003). The future of physical education. Building a new pedagogy. Nueva York: Routledge. Larraz, A. (2009). ¿Qué aprendizajes de educación física debería tener el alumnado al finalizar sexto curso de primaria? Tándem. Didáctica de la Educación Física, -(29), 45-63. Lavin, J. (2008). Creative approaches to Physical Education. Helping children to achieve their true potential. New York: Routledge. Lawrence, J. (2018). Teaching Primary Physical Education. London: SAGE Publishing Inc. Learreta, B., Sierra, M. A. y Ruano, K. (2006). Didáctica de la expresión corporal: talleres monográficos. Barcelona: INDE. López, P. A. (2000). Ejercicios desaconsejados en la actividad física. Barcelona: INDE. López, P. A. (2002). Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva. Barcelona: INDE. López, S. (2018). Esencia: diseño de espacios educativos: aprendizaje y creatividad. Ediciones Khaf. López Pastor, V. M. (Coord.) (2006). La evaluación en Educación Física: revisión de los modelos tradicionales y planteamiento de una alternativa: la evaluación formativa y compartida. Miño y Dávila. López Pastor, V. M. (Coord.) (2016). Programar por dominios de acción motriz en Educación Física. Miño y Dávila. López Pastor, V. M., Pedraza González, M.A, Ruano Herranz, C. y Sáez Laguna, J. (Coords.) (2017). Educación Física y Dominios de Acción Motriz: unidades didácticas. Miño y Dávila. Lleixà Arribas, T. y Sebastiani Obrador, E. M. (2016). Competencias clave y Educación Física. ¿Cómo y para qué tenerlas en cuenta en la programación? Barcelona: INDE. Marés, R. (2009). Estiramientos. Barcelona: Hispano-Europea. McLennan, N. y Thompson, J. (2015). Educación física de calidad (EFC). Guía para los responsables políticos. París: UNESCO. ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. DOG núm. 111, de 13 de xuño de 2023. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230613/AnuncioG0655-290523-0002_es.html O'Sullivan, M. y MacPhail, A. (2010). Young people's voices in physical education and youth sport. Nueva York: Routledge. Otero Saborido, F. M. (2010). Proyecto globalizador en un centro educativo: educación física interdisciplinar, juegos olímpicos en la antigua Grecia. Tándem. Didáctica de la Educación Física, -(33), 36-45. Pangrazi, R. P. y Beighle, A. (2011). Dynamic Physical Education for Elementary School Children (16th edition). San Francisco: Pearson. Pedraza González, M. A. y Torres García, D. (Coords.) (2005). Sendas educativas con un carácter globalizador: experiencias para educación infantil y primaria. Miño y Dávila. Pérez Pueyo, A. y López Pastor, V. M. (2010). La evaluación en las unidades didácticas de educación física: base legal, análisis de tópicos y ejemplificación. Tándem. Didáctica de la Educación Física, -(33), 109-120. Pickard, A. y Maude, P. (2014). Teaching physical education creatively. Learning to teach in the primary school series. Abingdon, Oxon: Routledge. Rey-López, J. P., Ruiz, J. R., Vicente-Rodríguez, G., Gracia-Marco, L., Manios, Y., Sjöström, M., . . . Group, H. S. (2012). Physical activity does not attenuate the obesity



risk of TV viewing in youth. *Pediatric Obesity*, 7(3), 240-250. doi: 10.1111/j.2047-6310.2011.00021.xRuíz Pérez, L. M. y Graupera, J. L. (2011). Práctica, aprendizaje y educación física: un viejo tema con nuevas variaciones. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 7-16. Sánchez Bañuelos, F. (2002a). *Didáctica de la Educación Física*. Madrid: Pearson Educación. Sánchez Bañuelos, F. (2002b). *Didáctica de la educación física para primaria*. Madrid: Pearson Educación. Seners, P. (2001). *La lección de educación física*. Barcelona: INDE. Vázquez, P., Balagué, N. y Hristovski, R. (2011). Creatividad o aprendizaje en la educación física escolar: ¿por dónde empezamos? *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 36-43. Velázquez Buendía, R. (2011). El modelo comprensivo de la enseñanza deportiva. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(37), 7-19. VVAA. (2011a). El diseño de contextos de enseñanza-aprendizaje para el desarrollo de la motricidad. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 27-35. VVAA. (2011b). Lo que los deportes enseñan cuando se aprenden los deportes. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 17-26. Wheaton, B. (2004). *Understanding lifestyle sport. Consumption, identity and difference*. Nueva York: Routledge. Whitehead, M. (2010). *Physical literacy. Throughout the lifecourse*. Nueva York: Routledge. Willingham, D. T. (2011). *¿Por qué a los niños no les gusta ir a la escuela?* Barcelona: Graó. Wright, J. y Macdonald, D. (2010). *Young people, physical activity and the everyday*. Nueva York: Routledge. Xunta de Galicia (10 de julio de 2023). *Manual de axuda para a elaboración das Programacións Didácticas*. Educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/40229> Zimmerman, F. J. y Bell, J. F. (2010). Associations of television content type and obesity in children. *American Journal of Public Health*, 100(2), 334-340.



Bibliografía complementaria	Educación Física: selección de revistas nacionales Apunts. Educación Física y Deportes. Apunts. Medicina del Deporte. Archivos de Medicina del Deporte. Cuadernos de Psicología del Deporte. Cultura, Ciencia y Deporte. Kronos. La revista científica de actividad física y deporte. Motricidad. European Journal of Human Movement. Revista de Educación Física. Renovar la teoría y la práctica. Revista de Entrenamiento Deportivo. Revista de Psicología del Deporte. Revista Española de Educación Física y Deportes. Revista Iberoamericana de Psicomotricidad y Técnicas Corporales. Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte. RICYDE. Revista Internacional de Ciencias del Deporte. Selección. Revista Española e Iberoamericana de Medicina de la Educación Física y el Deporte. Tándem. Didáctica de la Educación Física. Educación Física: selección de revistas internacionales Physical Education and Sport Pedagogy. Association for Physical Education. Journal of Teaching in Physical Education. Estados Unidos: International Association for Physical Education in Higher Education. Sport, Education and Society. Reino Unido: Routledge. European Physical Education Review. Europa: North West Counties Physical Education Association y SAGE. Journal of PE, Recreation & Dance. Estados Unidos: American Alliance for Health, Physical Education, Recreation and Dance (AAHPERD). Educación Física: bases de datos Sportdiscus (disponible online biblioteca UDC). Base de datos específica del deporte (internacional y multidisciplinar). Heracles Base de datos de Educación Física y deportes (en francés). Bases de datos generales ERIC (Education Resources Information Center) (disponible online biblioteca UDC). Biblioteca digital específica de educación. EBSCOhost. Online Research Databases. Base de datos multidisciplinar que incluye diferentes bases de datos. Informaworld Base de datos multidisciplinar que incluye diferentes bases de datos, especialmente en ciencias sociales y de la educación. Dianet (disponible online) Portal de difusión de producción científica multidisciplinar hispana. CSIC-ISOC (disponible online biblioteca UDC) Base de datos en ciencias sociales y humanidades del CSIC.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Fundamentos da educación física na sociedade actual/652G02031

Xogos motores/652G02025

Expresión corporal e adaptacións curriculares/652G02026

Iniciación deportiva/652G02036

Educación física para o lecer/652G02035

Observacións



Nesta

materia incorpórase a perspectiva de xénero (por exemplo, úsase linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as de ambos sexos e propíciase a intervención en clase de alumnos e alumnas). Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. En caso de detectar calquera situación de discriminación por razón de xénero, propóranse accións e medidas para corrixilas. No

caso de que se solicite entregar algún traballo impreso, teranse en conta as seguintes recomendacións: non utilizar plásticos, elixir impresión a dobre cara e empregar papel reciclado. Na medida do posible, evitar a impresión de borradores. A

metodoloxía ?Saídas de campo? está suxeita á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, esta metodoloxía poderase substituír por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporáranse ás metodoloxías ?Aprendizaxe colaborativa?, ?Sesión maxistral?, ?Presentación oral?, ?Traballos tutelados?).

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías